



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

FEDERACION GALEGA DE XADREZ REGISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
SAIDA n.º	06.
DATA:	08 / 01 / 2026.

Vigo, a 08 de Xaneiro de 2026.

Á atención dos equipos pertencentes ao grupo D de Primeira División.

Pola notificación por parte do Club Xadrez Laroca de ter a un xogador en silla de rodas, infórmase aos equipos correspondentes que conforme ao Regulamento Xeral de Competicións desta Federación Galega de Xadrez no seu Título VIII, artigo 62º apartado 5.7, concernente a equipos con xogadores con discapacidade física, na súa condición de visitantes, terán dereito a que o local de xogo non supoña atoparse con problemas de acceso aos diversos espazos físicos aos que precisan acceder, é dicir, que non conteñan barreiras arquitectónicas do tipo gradúes, ramplas de acceso cunha pendente pronunciada, baños e ascensores non adaptados para cadeiras de rodas, etc.

Os devanditos equipos solicitarano por escrito á FEGAXA. Esta fará constar no calendario de xogo, o ou os equipos con estes xogadores.

No caso de ser alineado o xogador con discapacidade como visitante nun equipo diferente ao que está inscrito, o seu equipo deberá notificalo á FEGAXA vía correo electrónico, como mínimo, 72 horas de antelación. Se o xogador, a última hora non vai asistir ao encontro, avisarase ao delegado do equipo local cá máis premura posible.

En caso de non contar o equipo local cun lugar de xogo adaptado, comunicará á FEGAXA e ao equipo visitante a dirección do novo local adaptado alternativo, para xogar esa partida.

En caso de non dispor de devandito local, o encontro xogarase no local do equipo con minusvalías. As circunstancias que afecten a este cambio documentaranse ante a FEGAXA.

De incumplir o equipo local este apartado darase a opción de aprazar dito encontro (tendo en conta o estipulado no apartado 6.1: en ningún caso se podrá aprazar encontro algún nas dúas últimas roldas) ou darase por perdidos todos os seus taboleiros por incomparecencia.

Federación Galega de Xadrez